



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Facultade de Ciencias

Grao en Bioloxía

Memoria do Traballo de Fin de Grao

Morfoloxía de follas e flores de *Erica* L. (Ericaceae) nun gradiente altitudinal e latitudinal.

Morfología de hojas y flores de *Erica* L. (Ericaceae) en un gradiente altitudinal y latitudinal.

Morphology of leaves and flowers of *Erica* L. (Ericaceae) in an altitudinal and latitudinal gradient.



Katia Pérez Pereira

Curso: 2020 - 2021. Convocatoria:

Setembro

Director académico: Dr. Jaime Fagúndez Díaz

Índice

Resumo	5
PALABRAS CHAVE	5
1. Introducción:	8
2. Obxectivos:	9
3. Material e métodos:	9
3.1. Descrición e distribución das especies de estudo	9
3.1.1. <i>E. tetralix</i>	9
3.1.2. <i>E. mackayana</i>	10
3.1.3. <i>E. stuartii</i>	10
3.1.4. <i>E. ciliaris</i>	11
3.2. Caracteres cuantitativos morfolóxicos seleccionados para o estudo	11
3.3. Poboacións de estudo e características climáticas	12
3.4. Mostraxe	14
3.4.1. Plantas utilizadas no estudo:	14
3.4.2. Recollida de mostrax:	15
3.5. Tratamento das mostrax:	15
3.5.1. Dixitalizado dos pregos.....	15
3.5.2. Fotografías en lupa.....	15
3.5.3. Uso do analizador de imaxes	15
3.5.4. Creación de táboas de datos	16
3.6. Análise estadístico:	17
4. Resultados:	22
5. Discusión:	26
6. Conclusións:	28
7. Bibliografía:	31
ANEXO	33

Resumo

As características morfolóxicas das plantas varían como adaptación ao ambiente no que viven as poboacións. Esta variación intraespecífica, ou plasticidade fenotípica, pode explicarse polos factores climáticos e xeográficos.

No seguinte traballo, estúdanse as diferenzas morfolóxicas que hai en tres especies simpátricas e un híbrido do xénero *Erica* nun gradiente latitudinal e altitudinal.

Estudáronse plantas en seis poboacións, cinco do norte de España e unha dos Países Baixos. Para este traballo teranse en conta a latitude e a altitude, inda que tamén se avaliaron as diferenzas entre as poboacións debido a diversos factores ambientais.

No estudo morfolóxico medíronse once parámetros, cinco respecto as follas e seis respecto as flores, en setenta e sete individuos. Os valores analizáronse mediante ANOVA ou test de Kruskal-Wallis cando os datos non se axustaban ao modelo de normalidade.

Os resultados mostraron que respecto a caracteres vexetativos atopáronse diferenzas en tódalas especies para o largo da folla (maior a maior altitude, en *E. tetralix* tamén se inclúe a latitude, que é menor a maior tamaño) excepto en *E. mackayana*; na especie *E. stuartii* para as relacións largo-ancho (menor a maior altitude) e nas especies *E. mackayana*, e *E. stuartii* para a relación largo folla-pecíolo (menor a maior altitude). Respecto a caracteres reprodutivos atopáronse diferenzas en *E. mackayana* para a apertura corola e relación largo-apertura corola (menor a maior altitude) e en *E. stuartii* para a relación largo-ancho da corola (menor a maior altitude). Sen embargo, para a maior parte dos caracteres non se observaron diferenzas entre especies que podan relacionarse con gradientes climáticos, altitudinais ou latitudinais.

En xeral, os resultados que se observan no estudo non parecen concluíntes para relacionar as diferenzas observadas coa altitude e latitude que presentan as poboacións. Polo tanto, o fenotipo das especies estudadas non parecen estar ligadas as súas diferenzas xeográficas.

PALABRAS CHAVE

Altitude, latitude, folla, flor, *E. tetralix*, *E. mackayana*, *E. stuartii*, *E. ciliaris*

Resumen

Las características morfológicas de las plantas varían como adaptación al ambiente en el que viven las poblaciones. Esta variación intraespecífica, o plasticidad fenotípica, puede explicarse por los factores climáticos o geográficos.

En el siguiente trabajo se estudian las diferencias morfológicas que hay en tres especies simpátricas y un híbrido del género *Erica* en un gradiente latitudinal y altitudinal.

Se estudiaron plantas de seis poblaciones, cinco del norte de España y una de los Países bajos. Para este trabajo se tendrán en cuenta la latitud y altitud, aunque también se evaluarán las diferencias entre las poblaciones debido a diversos factores ambientales.

En el estudio morfológico se midieron once parámetros, cinco respecto a hojas y seis respecto a flores, en setenta y siete individuos. Los valores se analizaron mediante ANOVA o test de Kruskal-Wallis, cuando los datos no se ajustaban al modelo de normalidad.

Los resultados han mostrado que respecto a caracteres vegetativos se encontraron diferencias en todas las especies para el largo de hoja (mayor a mayor altitud, en *E. tetralix*, también se incluye la latitud que es menor a mayor tamaño) excepto para *E. mackayana*; en la especie *E. stuartii* para las relaciones largo-ancho (menor a mayor altitud) y en las especies *E. mackayana*, y *E. stuartii* para la relación largo hoja-pecíolo (menor a mayor altitud). Y respecto a caracteres reproductivos se encontraron diferencias en *E. mackayana* para la apertura de la corola y en la relación largo-apertura de la corola (menor a mayor altitud) y en *E. stuartii* para la relación largo-ancho de la corola (menor a mayor altitud). Sin embargo, para la mayor parte de los caracteres no se observaron diferencias entre especies que puedan relacionarse con gradientes climáticos, altitudinales o latitudinales.

En general, los resultados que se observan en el estudio no parecen concluyentes para relacionar las diferencias observadas con la altitud y latitud que presentan las poblaciones. Por lo tanto, el fenotipo de las especies estudiadas no parece estar ligado a sus diferencias geográficas.

PALABRAS CLAVE

Altitud, latitud, hoja, flor, *E. tetralix*, *E. mackayana*, *E. stuartii*, *E. ciliaris*.

Summary:

The morphological plants traits change as an adaptation to the environment where the populations live. That intraspecific variation, or phenotypic plasticity, can be explained due to climatic or geographic factors.

In the following work are studied the morphological differences between sympatric and a hybrid of the *Erica* genus in a latitudinal and longitudinal gradient.

Plants from six populations, five from the North Spain and one from the Netherlands, were studied. For that work latitude and altitude are going to be considered, but also the differences between the populations due to different environmental factors.

In the morphological study were measured eleven parameters, five related with leaves and six with flowers, in 77 individuals. The values were analysed with ANOVA or Kruskal-Wallis test when the data did not stick to the normality model.

The results showed that about vegetative traits differences were found in all species for the leaves length (larger in higher altitude, in *E. tetralix* latitude, that is smaller in larger size, is also included), except in *E. mackayana*; in *E. stuartii* specie for length – width relation (smaller in higher altitude) and in *E. mackayana* and *E. stuartii* species for leaves length-petiole (smaller in higher altitude). About reproductive traits differences were found in *E. mackayana* for corolla opening and length-corolla opening relation (smaller in higher altitude) and in *E. stuartii* for length–corolla width (smaller in higher altitude). However, for most of the traits no differences were observed between species that could be related with climatic, latitudinal, or altitudinal gradients.

In general, the results observed in the study do not seem conclusive to relate the differences observed with the altitude and latitude that the populations present. So, the species phenotype studied do not seem to be related with their geographical differences.

KEYWORDS

Latitude, altitude, leaf, flower, *E. tetralix*, *E. mackayana*, *E. stuartii*, *E. ciliaris*.

1. Introducción:

O clima afecta ao crecemento e desenvolvemento das plantas de forma directa. A temperatura é un elemento esencial no cultivo e desenvolvemento das plantas, xunto cos niveis de luz, dióxido de carbono, humidade do aire, auga e nutrientes. A temperatura afecta á taxa de desenvolvemento da planta a través das distintas fases e produción de follas, tallos e outros compoñentes. Todos os procesos fisiolóxicos da planta ocorren máis rapidamente a medida que a temperatura aumenta entre unha temperatura base e unha temperatura óptima; polo que, plantas dunha mesma especie, se están expostas as temperaturas moi dispares poden ver afectada a súa fisioloxía e diferir entre elas. A auga é un compoñente fundamental para a vida; polo que, as precipitacións son un factor clave a ter en conta. En ambientes húmidos, con altas precipitacións, as plantas necesitan aumentar a súa transpiración, posto que soen presentar unha maior superficie foliar e tamén poden presentar pelosidade nas follas. Por último, a luz solar é outro factor vital xa que as plantas necesitan de luz para realizala fotosíntese, débese ter en conta a cantidade, ángulo de radiación e horas de sol ao día.

As plantas, coma tódolos seres vivos, adaptanse ao medio no que viven. Ao longo da historia, viuse en bioloxía como organismos da mesma especie foron sufrindo modificacións debido a cambios do medio no que vivían, aparecendo de tal xeito diferenzas xenotípicas e fenotípicas. A altitude e latitude son moi relevantes á hora de falar da adaptación ao medio, xa que, son dous parámetros que afectan directamente ás condicións do medio, en moitas ocasións as diferenzas que unha poboación presenta pode explicarse grazas a ditos parámetros (Zhang et al., 2019).

Erica é un xénero de fanerógamas da familia Ericaceae, coñecidas de forma máis coloquial como urces. Presentan un corpo arbustivo, con follas verticiladas e pecíolos cortos. Respecto ás flores, poden ser actinomorfas ou lixeiramente zigomorfas. Dispóñense en inflorescencias umbeliformes, racemiformes ou paniculiforme. Polo xeral son tetrámeras. Por outra banda, os pedicelos presentan 2-4 bracteólas, en ocasións similares ás pezas do cáliz que presentan os sépalos libres e máis pequenos cos pétalos. En canto a corola, é persistente, acampanada, urceolada ou case tubular. O androceo consta de 8 estames, inclusos ou exertos. As anteras preséntanse habitualmente apendiculadas e con dehiscencia foraminal. O ovario é súpero e tetralocular. A polinización é levada a cabo por abellóns que visitan varias flores e voan moitos quilómetros na busca de máis flores da especie. Por último, o froito preséntase en cápsula (Valdés, Talavera, Fernández-Galiano, 1987).

No presente estudo vaise analizar a morfoloxía de follas e flores de diferentes especies do xénero *Erica* distribuídas en diferentes poboacións que difiren respecto a latitude e altitude. Tamén se observará como afecta o clima ás plantas e se poden existir diferenzas inter- e intraespecies debido a este factor.

2. Obxectivos:

Neste estudo, o obxectivo é observar como afecta o clima e a distribución xeográfica no fenotipo das diferentes especies, e así determinar se estes factores provocan variacións significativas dentro dunha mesma especie ou non. Para iso, utilizaranse características cuantitativas sobre a morfoloxía de follas e flores. Mediante unha análise estatística determinarase se hai diferenzas ou non, analizando unha ampla mostra formada por poboacións dos Países Baixos e de España, concretamente Galiza e Asturias. O estudo estatístico permitiranos establecer o grao de variabilidade interpoboacional das mostras estudadas.

3. Material e métodos:

3.1. Descrición e distribución das especies de estudo

3.1.1. *E. tetralix*

A especie *E. tetralix* (Figura 1) ten unha altura aproximada de 70 cm con follas que oscilan entre os 3.5-8 mm de largo e 0.6-1.5 mm de ancho. Por outra banda, consta de inflorescencias con 5-15 flores unilaterais e a corola é urceolada ou tubular-urceolada cun tamaño entre 6-7.5 mm e os pedicelos soen oscilar entre 2-5 mm sendo en xeral peludos.



Figura 1: *E. tetralix*.

A súa distribución é ampla, atópase dende España central ata Noruega. En Galicia pode encontrarse por case todas as zonas, aínda que no Norte das provincias de A Coruña e Lugo é substituída por *E. mackayana* (Fraga Vila, 1982; Fraga Vila et al., 2001). Encóntrase sobre todo en zonas húmidas como poden ser turbeiras, pantanos, bordes de regatos, urceiras moi húmidas, terreos silíceos ou ultrabásicos. Respecto a altitude na que se atopan oscila dende o nivel do mar ata os 2100 m (Bayer, 1993).

3.1.2. *E. mackayana*



Figura 2: *E. mackayana*

A especie *E. mackayana* (Figura 2) ten unha altura de 90 cm con follas de lonxitude entre 2.5-4.55 mm e un ancho de 0.64-0.66. Por outra banda, consta de inflorescencias con 4-12 flores, terminais e umbeliformes e a corola ten un tamaño entre 5.5-7 mm, forma tubular-urceolada e os pedicelos soen oscilar entre 3-4 mm.

A súa distribución límitase unicamente ao norte de España e oeste de Irlanda, sendo a súa distribución nesta última máis reducida ca en España (Nelson & Fraga, 1983) (Skeffington, 2015). Nalgúns lugares chega a convivir coa *E. tetralix*, chegándose atopar un híbrido destas dúas especies facilmente en Irlanda e de forma máis concreta en España (Fagúndez, 2006). Dito híbrido recibe o nome de *E. stuartii*. Danse sobre todo en urceiras, matorrais e bosques aclarados, solos permanente húmidos polas abundantes precipitacións, incluso en solos calizos e ultrabásicos. Respecto a altitude na que se atopan oscila dende o nivel do mar ata os 1680 m (Bayer, 1993).

3.1.3. *E. stuartii*

A especie *E. stuartii* (Figura 3) foi descrita en Irlanda no 1890 e publicada por primeira vez coma unha subespecie de *E. tetralix* por MacFarlane (1893).

Nesta especie case tódolos caracteres presentan valores intermedios: as follas parécense as de *E. mackayana*; aínda que, presentan pelos lanosos nos pecíolos ao igual que *E. tetralix*, e algúns pelos no nervio medio da superficie inferior (Fagúndez, 2006).



Figura 3: *E. stuartii*

Os individuos da especie sóense identificar no campo polos caracteres vexetativos e confírmense pola presenza de pelo no ovario, xa que *E. mackayana* non presenta pelosidade, mentres que *E. stuartii* preséntaa intermedia e *E. tetralix* consta de ovarios recubertos de pelo (Fagúndez, 2006; Stace et al., 2015; Van Doorslaer & Sheehy Skeffington, 1998; Webb, 1955).

Este híbrido é moi abundante en Irlanda, encóntrase sempre acompañado de *E. mackayana*, e esta a súa vez non soe estar lonxe da outra especie parental, *E. tetralix* (Preston et al., 2002).

Observouse que o híbrido crece xunto con *E. tetralix*, *E. mackayana*, *E. ciliaris*, *Calluna vulgaris*, *Genista berberidea*, *Ulex gallii* e outras especies (Fagúndez, 2006).

3.1.4. *E. ciliaris*



Figura 4: *E. ciliaris*.

A especie *E. ciliaris* (Figura 4) ten unha altura de 70 cm de altura con follas que oscilan entre 2-4 mm de largo e 0.8-2 mm de ancho. Por outra banda, consta de inflorescencias en racimo e corola que oscila entre 8-11 mm con forma tubular-urceolada e pedicelos que teñen entre 1.5-3.5 mm de lonxitude e son densamente peludos.

A súa distribución esténdese polo oeste de Europa, norte de África e oeste e metade occidental da Península Ibérica. Encóntanse en urceiras, matorrais, solos ácidos máis ou menos húmidos e a veces areosos. Respecto a altitude na que se atopan oscila dende o nivel do mar ata os 800 m.

3.2. Caracteres cuantitativos morfolóxicos seleccionados para o estudo

3.2.1 Follas

Medida estudiada	Descrición
Largo da folla	Lonxitude do largo da folla en mm
Ancho da folla	Lonxitude do ancho da folla en mm
Pecíolo	Lonxitude do pecíolo en mm
Relación ancho/largo da folla	Medida da superficie da folla
Relación largo pecíolo/largo da folla	Tamaño da folla

Táboa 1: Características medidas das follas.



Figura 5: Follas *E. ciliaris*, *E. mackayana*, *E. stuartii* e *E. tetralix*.

Para as follas estúdanse diferentes características (Táboa 1), ao longo do traballo analízanse os diferentes caracteres mediante os seus acrónimos (Figura 6). Cada especie presenta unha forma distinta (Figura 5).

3.2.2. Flores

Medida estudiada	Descrición
Largo corola	Lonxitude do largo da corola en mm
Ancho corola	Lonxitude do ancho da corola en mm
Boca corola	Medida da apertura da boca da corola en mm
Exerción	Medida do extremo do estilo que sobresaia fora da corola en mm
Relación ancho-largo corola	Medida da morfoloxía da corola
Relación largo-apertura corola	Medida largo-apertura corola

Táboa 2: Características medidas das flores.



Figura 7: Flor *E. ciliaris*, *E. mackayana*, *E. stuartii* e *E. tetralix*.

Para as flores estúdanse diferentes características (Táboa 2), ao longo do traballo analízanse os diferentes caracteres mediante os seus acrónimos (Figura 8). Cada especie presenta unha forma distinta (Figura 7).

ACRÓNIMO	SIGNIFICADO
LVLENGT	Largo folla
LVWIDT	Ancho folla
LVPET	Largo pecíolo
LVSHAPE	Relación ancho-largo
PETRATIO	Relación largo pecíolo-folla

Figura 6: Significado acrónimos follas.

ACRÓNIMO	SIGNIFICADO
COLENGT	Largo corola
COWIDT	Ancho corola
COMOUT	Apertura corola
COSHAPE	Relación largo-ancho
EXSTYLE	Exerción estilo
COOPEN	Relación largo e apertura corola

Figura 8: Significado acrónimos follas.

3.3. Poboacións de estudo e características climáticas

Países baixos

É un país localizado en Europa Occidental, a súa altitude atópase por debaixo do mar e considérase un país plano. Presenta un clima oceánico temperado causado por ventos do suroeste, é dicir, as precipitacións ao longo do ano distribúense de forma regular cada mes, as temperaturas difiren dunha época do ano a outra, os veráns son moderadamente cálidos, mentres que os invernos son fríos e a humidade soe ser normalmente alta. As horas de luz

varían moito debido a latitude xeográfica, cunha oscilación que vai dende case 8 horas en decembro a case 17 en xuño.

España

O clima da rexión xeográfica da cornixa cantábrica onde foron recollidas as mostras é fundamentalmente oceánico, temperado e húmido, caracterizado por unha maior frecuencia de ventos de compoñente norte. A temperatura media anual é de 13 grados e a oscilación térmica de 12. Isto fai que a amplitude térmica sexa a mais baixa da Península. Hai 1700 horas de sol anuais e unha precipitación media de 1800 l m² cun promedio de 150-200 días de chuvia ao ano.

- Xistral

A Serra do Xistral é parte do macizo galaico que separa a Terra Chá do mar e foi declarada Espazo Natural Protexido. Ten un clima de montaña influenciado polo clima oceánico cunha baixa oscilación térmica, con precipitacións abundantes e regulares. É unha das zonas que menos sol recibe, cunha néboa frecuente procedente do mar que deixa abundante humidade e chuvia.

- Peñas

Atópase no Principado de Asturias. Está composto por acantilados que superan os 100 metros de altura, formados por roca cuarcita armoricana con resistencia a abrasión. Esta zona presenta a serie xeolóxica paleozoica mellor representada do Norte de España, ademais de urceiras e toxeirias características da cornixa cantábrica. Respecto ao clima, os veráns son cortos e secos, mentres que os invernos son longos, fríos e ventosos, polo que está parcialmente nublado durante todo o ano. A oscilación térmica vai dende os 7 °C aos 22°C, rara vez baixa de 4°C ou sube de 25°C. En relación ás precipitacións, son regulares e as máis abundantes entre novembro e decembro. Por último, as horas do día varían moito durante o ano, sendo o día máis curto, con case 9 horas de luz, o 21 de decembro, mentres que o día máis longo, con case 16 horas de luz, é o 20 de xuño.

- Pimiango

Atópase no Principado de Asturias. Respecto ao clima, os veráns son secos, mentres que os invernos son longos, fríos, húmidos e ventosos, case todo o ano está nublado. A oscilación térmica vai dende os 7 °C aos 23°C, rara vez baixa de 3°C ou sube de 26°C. En relación ás

precipitacións, son regulares e as máis abundantes entre novembro e decembro. Por último, as horas do día varían moito durante o ano, sendo o día máis corto, con case 9 horas de luz, o 21 de decembro, mentres que o día máis largo, con case 16 horas de luz, é o 20 de xuño.

- Bustantigo

Atópase no Principado de Asturias, en Allande. Está situado a 720m de altitude, na vertente esquerda do val que forma o río Ouro, a media ladeira do Picoutel. Respecto ao clima, os veráns son secos, mentres que os invernos son largos, fríos, húmidos e ventosos, polo que case todo o ano está nublado. A oscilación térmica vai dende os 4 °C aos 22°C, rara vez baixa de 0°C ou sube de 26°C. En relación ás precipitacións, son regulares e as máis abundantes ao redor de novembro. Por último, as horas do día varían moito durante o ano, sendo o día máis corto, con case 9 horas de luz, o 21 de decembro, mentres que o día máis largo, con case 16 horas de luz, é o 20 de xuño.

- Espina

Atópase no Principado de Asturias. Respecto ao clima, os veráns son secos, mentres que os invernos son largos, fríos, húmidos e ventosos, polo que case todo o ano está nublado. A oscilación térmica vai dende os 4 °C aos 22°C, rara vez baixa de 0°C ou sube de 25°C. En relación ás precipitacións, son regulares e as máis abundantes entre novembro e decembro. Por último, as horas do día varían moito durante o ano, sendo o día máis corto, con case 9 horas de luz, o 21 de decembro, mentres que o día máis largo, con case 16 horas de luz, é o 20 de xuño.

3.4. Mostraxe

3.4.1. Plantas utilizadas no estudo:

As plantas que se tratan neste estudo das especies *E. mackayana*, *E. ciliaris*, *E. tetralix* e *E. stuartii*, foron recollidas en España e Países baixos. En España recolléronse un total de 67 mostras distribuídas en 6 poboacións diferentes (Figura 9), mentres que nos Países baixos recolléronse 9 mostras.




Figura 9: Distribución xeográfica das poboacións españolas.

3.4.2. Recollida de mostras:

As plantas utilizadas neste estudo foron previamente recollidas e dixitalizadas, a excepción das pertencentes á poboación de Xistral e Países Baixos que faltaba dixitalizar, de modo que estaban dispoñibles para o súa posterior análise mediante o programa ImageJ (Schindelin et al. 2015), ao igual que os calibrados de cada mostra.

Para a conservación de mostra foron prensadas tendo bastante coidado en que se puidesen ver ben tódolos caracteres de interese para o seu estudo posterior. Así, evitábase correr o risco de que sufriran algún deterioro polo seu transporte ou pola humidade ambiental.

Ademais dos pregos, tamén foron recollidas outras mostras de follas e flores para levar a cabo tanto medidas do aparato reprodutor da planta (ovario e antera) como estudos xenéticos posteriores.

3.5. Tratamento das mostras:

3.5.1. Dixitalizado dos pregos

O dixitalizado dos pregos que faltaban levouse a cabo nun día. Utilizouse un escáner de alta resolución (Figura 10) co obxectivo de definir as imaxes ao máximo para que ao pasar a traballar co programa analizador de imaxes non se vise con problemas de pixelado. Ao dixitalizar sempre se inclúe unha escala de referencia con precisión de milímetros para manter unha escala igual en tódalas medidas e plantas.



Figura 10: Escáner de alta resolución.

3.5.2. Fotografías en lupa

Tomaríanse fotografías na lupa para ver en detalle pezas da flor como son os ovarios e os estames. Isto realízase grazas a unha cámara fotográfica conectada a propia lupa. Neste caso, debido a crise por mor do Covid-19, non se puido levar a cabo.

3.5.3. Uso do analizador de imaxes

Para a análise de imaxes, unha vez que están dixitalizadas, utilízase un programa denominado ImageJ (Schindelin et al. 2015). Esta ferramenta permítenos medir distancias (Figura 11) entre puntos (tanto rectas como curvas) obtendo de tal xeito unha táboa de medidas que logo pode ser transferida a arquivos de Microsoft EXCEL para o posterior manexo de datos e cálculo de variables de interese para dito estudo.




Figura 11: Obtención de medidas mediante o programa ImageJ.

3.5.3.1 Calibrado



Figura 12: Calibrado en ImageJ.

Para o calibrado das imaxes utilízase a escala colocada previamente no dixitalizado, mídense dous puntos coñecidos e modifícanse no programa a referencia mm/píxeles (Figura 12) e gárdase para tódalas medidas posteriores. Así, unha vez se mida a distancia entre dous puntos ou máis, segundo o que se desexe, obteranse as distancias na escala correcta.

3.5.4. Creación de táboas de datos

As táboas foron creadas de forma individual para cada carácter que se analizou. Para cada mostra fixéronse varias medidas como réplicas e así obtívose unha media máis fiable e real da mostra.

Unha vez obtidas tódalas medidas, que poden oscilar en cada mostra debido a calidade do material, calcúlanse as medias para que a matriz de datos sexa máis sinxela de manipular (Figura 13). De tal xeito pódese observar facilmente se hai datos atípicos, como poden ser, datos altos ou baixos que provoquen que as medias se desvíen e dean datos pouco fiables ao sometelos a análises estatísticas.

A táboa final estaría formada cos datos obtidos das medidas das variables, tanto para follas como para flores xunto coa localización de recollida e especie. Estes datos serán os que se utilicen posteriormente no programa R para facer a análise estatística.




Figura 13: Creación de táboas en EXCEL.

3.6. Análise estadístico:

Para levar a cabo o estudo morfolóxico tómanse as seguintes medidas cuantitativas mediante o programa informático ImageJ:

- Respecto a follas: Largo, ancho, lonxitude pecíolo, morfoloxía da folla (relación ancho-largo) e a relación largo folla-pecíolo.
- Respecto a flores: largo, ancho, apertura da corola, exerción do estilo, morfoloxía da flor (relación largo-ancho) e relación apertura corola-ancho flor.

De tódalas medidas fanse varias réplicas. Unha vez obtidas, realízase a media para obter valores o máis reais posibles de cada unha das mostras de interese. Finalmente, reúnense tódolos datos construíndo a matriz coa que se traballará posteriormente (Figura 14 e 15).

number	Population	Specie	LVLENGT	LVWIDT	LVPET	LVSHAPE	PETRATIO
350	Espina	Stuartii	2,292	0,883	0,676	0,388	0,293
351	Espina	Stuartii	2,670	0,761	0,627	0,288	0,234

Figura 14: Parámetros de estudo para as follas.

number	Population	Specie	COLENGT	COWIDT	COMOUT	EXSTYLE	COSHAPE	COOPEN
350	Espina	Stuartii	4,602	3,097	1,653	0,709	0,674	0,535
351	Espina	Stuartii	4,887	2,963	1,697	0,812	0,607	0,578

Figura 15: Parámetros de estudo para as flores.

As matrices de datos estúdiaranse mediante unha análise estatística para determinar a existencia ou non de diferenzas significativas.

- Análise estatística con R:

R é un software libre que permite realizar análises estatísticas. Mediante a cal se pode obter tanto gráficos que permiten visualizar facilmente un amplo conxunto de datos como unha análise máis pormenorizada de ditos datos. Antes de elixir que análise se aplica hai que

determinar se a nosa matriz presenta normalidade, e polo tanto, se se lle pode aplicar un ANOVA, ou pola contra, se se debe buscar unha alternativa, neste caso un test non paramétrico, Kruskal-Wallis. Para o cal usaremos os seguintes test:

- Shapiro-Wilk:

En estatística, o test de Shapiro-Wilk úsase para contrastar a normalidade de un conxunto de datos. O primeiro que se propón son as hipóteses a estudar.

H_0 : a mostra presenta normalidade.

H_1 : a mostra non presenta normalidade.

Unha vez realizado o test, o programa R danos unha saída tal que así:

```
Population = Bustantigo
      shapiro-wilk normality test
data: COLENGT
W = 0.97429, p-value = 0.9294

p-values adjusted by the Holm method:
      unadjusted adjusted
Bustantigo 0.92936      1
Espina     0.65279      1
Peñas     0.87125      1
Pimiango  0.44940      1
Xistral   0.48055      1
```

Figura 16: Saída de R do estudo da normalidade.

Ao obter o resultado do test (Figura 16), débese observar o p-valor que é o que determina si se acepta ou rexeita a hipótese nula. Para un nivel de significación do 95% se o p-valor é menor ca 0.05, rexeitase dita hipótese e se pola na contra é maior, acéptase.

- Anova

En estatística, o test ANOVA úsase para probar a hipótese de que as medias de dúas ou máis poboacións son iguais. O primeiro que se debe facer, como indicabamos no test anterior, é presentar as hipóteses:

H_0 : medias son iguais, non hai diferenzas significativas

H_1 : medias son diferentes, hai diferenzas significativas

Unha vez realizado o test (Figura 17), o programa R presenta unha saída como a seguinte:

```
> Modelo.1 <- lm(COLENGT~Population, data=Datos)
> AnovaModel.res <- aov(COLENGT~Population, data=Datos)
> summary(Modelo.1)

Call:
lm(formula = COLENGT ~ Population, data = Datos)

Residuals:
    Min       1Q   Median       3Q      Max
-1.24370 -0.33329 -0.05451  0.29588  1.09010

Coefficients:
              Estimate Std. Error t value Pr(>|t|)
(Intercept)      5.3053     0.1800  29.478  <2e-16 ***
PopulationEspina  0.0864     0.2473   0.349   0.730
PopulationPeñas  -0.3136     0.3446  -0.910   0.371
PopulationPimiango -0.1405     0.3446  -0.408   0.687
PopulationXistrañ -0.1816     0.2545  -0.713   0.482
---
Signif. codes:  0 '***' 0.001 '**' 0.01 '*' 0.05 '.' 0.1 ' ' 1

Residual standard error: 0.509 on 26 degrees of freedom
Multiple R-squared:  0.07565,    Adjusted R-squared:  -0.06656
F-statistic: 0.5319 on 4 and 26 DF, p-value: 0.7134
```

Figura 17: Saída de R do ANOVA.

Ao obter o resultado do test, débese observar o p-valor que é o que determina si se acepta ou rexeita a hipótese nula. Para un nivel de significación do 95% se o p-valor é menor ca 0.05, rexeitase dita hipótese e se pola contra é maior, acéptase.

- Kruskal-Wallis:

En estatística a proba de Kruskal-Wallis é un método non paramétrico, polo que non asume normalidade nos datos, posto que, sería o equivalente a un ANOVA para cando o conxunto de datos non cumpre o criterio da normalidade. Deste xeito, como no ANOVA, o que se busca é probar se as medias son iguais ou diferentes. O primeiro que se fai é presentar as hipóteses:

H_0 : medias son iguais, non hai diferenzas significativas

H_1 : medias son diferentes, hai diferenzas significativas

Unha vez realizado o test, o programa R presenta unha saída así:

```

> #####
> # Contraste no paramétrico: Kruskal-Wallis
> #####
> oneway.test(LVLENGT ~ Population, data=Datos) # Welch test

> kruskal.test(LVLENGT~Population)

      kruskal-wallis rank sum test

data:  LVLENGT by Population
Kruskal-wallis chi-squared = 4.602, df = 4, p-value = 0.3306

> pairs.KW <- pairwise.wilcox.test(LVLENGT, Population, p.adjust.method = "BH")
> pairs.KW

      Pairwise comparisons using wilcoxon rank sum exact test

data:  LVLENGT and Population

      Bustantigo Espina Peñas Pimiango
Espina  0.80      -      -      -
Peñas   0.92     0.92     -      -
Pimiango 0.92     0.42     0.80     -
Xistral  0.92     0.80     0.92     0.42

```

Figura 18: Saída de R do test Kruskal-Wallis

Como nas probas anteriores ao obter o resultado (Figura 18) hai que fixarse no valor que nos marca o p-valor, xa que é este o que determina se se acepta ou rexeita a hipótese nula. Para un nivel de significación do 95% se o p-valor é maior de 0.05, acéptase dita hipótese, no caso de ser o p-valor menor ca 0.05, rexéitase.

En caso de empregar esta mostra, tamén presenta a posibilidade de estudar as mostras por pares, o que sería equivalente ao método Tukey.

- Método Tukey:

O método Tukey utilízase en ANOVA para crear intervalos de confianza para tódalas diferenzas en parellas entre as medias dos niveis dos factores mentres controla a taxa de erro por familia nun nivel especificado. Neste caso úsase para comparar por pares as poboacións e así ver, concretamente, cales difiren, obtendo unha saída tal que así (Figura 19):

```

> # Contrastes múltiples
> com.pairs.tuk <- TukeyHSD(anovamodel.res, "Population", conf.level = 0.95,
> com.pairs.tuk
      Tukey multiple comparisons of means
      95% family-wise confidence level
      factor levels have been ordered

Fit: aov(formula = COLENGT ~ Population, data = Datos)

$Population
      diff      lwr      upr      p adj
Bustantigo-Espina 0.4078024 -0.1710421 0.9866468 0.1519552

```

Figura 19: Saída de R de contrastes múltiple, método de Tukey.

- Test Normalidade Kolmogorov-Smirnov:

É unha proba estatística que determina a bondade de axuste de dúas distribución de probabilidade entre si. O primeiro que se fai é presentar as hipóteses:

- H_0 : a mostra presenta normalidade.
- H_1 : a mostra non presenta normalidade.

- Test Homocedasticidade Barlett:

É unha proba estatística que se utiliza para probar se as varianzas das poboacións son iguais ou non, é dicir, se presenta homocedasticidade. O primeiro que se fai é presentar as hipóteses:

- H_0 : varianzas son iguais.
- H_1 : varianzas son diferentes.

- Test Homocedasticidade Levene:

É unha proba estatística inferencial utilizada para avaliar a igualdade das varianzas para unha variable calculada para dous ou máis grupos. O primeiro que se fai é presentar as hipóteses:

H_0 : varianzas son iguais.

H_1 : varianzas son diferentes.

Estes 3 tipos de test, ao igual que Shapiro-Wilk, obtéñense ao analizar os residuos das mostras, R presenta unha saída tal que así:

	Estadístico	p-valor
Test Normalidad shapiro-wilks	0.977349	0.970836
Test Normalidad kolmogorov-smirnov	0.144897	0.694462
Test de Homocedasticidad de Bartlett	3.694262	0.157689
Test de Homocedasticidad de Levene	2.464707	0.140086

Figura 20: Saída de R análise de residuos.


Como nas probas anteriores ao obter o resultado (Figura 20) hai que fixarse no valor que marca o p-valor, xa que é este o que determina se se acepta ou rexeita a hipótese nula. Para un nivel de significación do 95% se o p-valor é maior de 0.05, acéptase dita hipótese, no caso de ser o p-valor menor ca 0.05, rexéitase.

4. Resultados:

O primeiro que hai que observar ao realizar un estudio estatístico son os resumes das nosas mostras, para ver a simple vista como é a matriz coa que se vai a traballar (ANEXO A). A continuación, estúdase a normalidade mediante o test de Shapiro-Wilks para ver a predisposición dos datos, ao igual que tamén se realiza un ANOVA. Obsérvase un resume dos p-valores obtidos na proba estatística ANOVA para cada un dos caracteres medidos (ANEXO B), estes resultados indican se en un primeiro lugar van existir ou non esas diferenzas, pero realmente o que aporta valía ao estudo é a análise dos residuos, que consiste en probas de normalidade e homocedasticidade. Ambas son necesarias para determinar se os datos compren ou non o modelo da normalidade e así, determinar o uso dun método Tukey, ou pola contra un non paramétrico como é Kruskal- Wallis.


Os datos divídense en dous grupos que se analizan de forma independente, follas e flores (ANEXO A). Unha vez analizados mediante o programa estatístico R, obtéñense as seguintes diferenzas:

- *E. stuartii*




Gráfica 1: Gráfico dispersión COSHAPE vs Altitude en flores de *E. stuartii*.

A primeira especie que se analiza é *E. stuartii*, na que se obtén, respecto ás flores, diferenzas significativas entre as poboacións de Pimiango e Bustantigo en referencia a relación que hai entre largo e ancho da corola (Gráfica 1).




Gráfica 2: Gráfico dispersión LVLENGT vs Altitude en follas de *E. stuartii* nas poboacións de Espina e Bustantigo.

E respecto ás follas, aprécianse diferenzas en diferentes caracteres, que serían, largo da folla (Gráfica 2), relación entre largo e ancho da folla (Gráfica 3) e por último, na relación entre o largo da folla e pecíolo (Gráfica 4).




Gráfica 3: Gráfico dispersión LVSHAPE vs Altitude en follas de *E. stuartii* nas poboacións de Espina e Bustantigo.



Gráfica 4: Gráfico dispersión PETRATIO vs Altitude en follas de *E. stuartii* nas poboacións de Espina e Bustantigo.


- *E. mackayana*

Para a especie *E. mackayana* obtense, respecto ás flores, diferenzas significativas entre a poboación de Pimiango e as de Xistral e Peñas en referencia á abertura da corola (Gráfico 5).




Gráfica 5: Gráfico dispersión COOPEN vs Altitude en flores de *E. mackayana*.

